



INFORMA

O STEG DESCONVOCA A FOLGA DO DÍA 3

Desde o STEG consideramos que a **reivindicación principal da convocatoria de folga** "*En defensa da xornada continuada matinal en xuño e setembro*", **está conseguida** desde o pasado luns día 30 de abril, coa modificación do punto quinto do preacordo, xeneralizando a xornada continuada en xuño e setembro para **todos** os centros que o soliciten.

A maiores, conseguimos abrir uns procesos de negociación que poden mellorar substancialmente as condicións laborais do profesorado, reivindicacións históricas como a redución do horario lectivo e de permanencia no centro para o profesorado de primaria, o que nos levará á non coincidencia do horario lectivo do profesorado e do alumnado, tal como ocorre en secundaria.

O momento de negociar para acadar melloras era antes da folga. O principal interese da administración era vitala. Estamos convencidos de que despois da Folga a administración non cedería tanto nas súas pretensións iniciais.

Rexeitamos as formas de proceder da consellaría neste punto:

A precipitación na publicación dunha orde no DOG, despois da oposición de todas as organizacións sindicais, sen dar oportunidade de negociala, non tendo en conta o sentir do profesorado e sen calcular as consecuencias reais da medida ata despois de tela adoptado.

Só a convocatoria de folga por parte de todos os sindicatos de ensino fixo mudar a súa posición. Lembremos que dous días antes de iniciarse a negociación a Conselleira anunciaba en todos os medios que a xornada de tarde nos meses de xuño e setembro era innegociable.

Antes da negociación	Despois da negociación
Xornada de mañá e tarde en xuño e setembro	Xornada de mañá para todos os centros que a soliciten
Intención da consellaría de reducir a xornada laboral	Compromiso por escrito de que se negociará este curso e entrará en vigor no 2007/2008. Redución mínima de dúas horas lectivas/semana. Veremos ata onde podemos chegar.
Nada	Negociación duns novos catálogos de infantil e primaria, loxicamente á alza.
Nada	Facilitar os requisitos para que os centros establezan a xornada continuada.

Para máis información podedes visitar a nosa web www.stegsindicato.org